



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

1. De acordo co artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos:

- a) Produciranse sempre por escrito.
- b) Produciranse por escrito e de forma verbal.
- c) Produciranse por escrito a través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.
- d) Produciranse por escrito en papel, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.

2. De acordo co artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos producen efectos:

- a) Dende o momento en que se notifiquen ao interesado.
- b) Un acto administrativo nunca pode ter eficacia retroactiva.
- c) Dende a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- d) A eficacia dun acto administrativo nunca pode ser demorada.

3. De acordo co artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións practícaranse:

- a) Sempre por medios electrónicos.
- b) Sempre en papel.
- c) O órgano que dite a resolución elixirá o medio para a práctica da notificación.
- d) Preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilos por esta vía.



4. De acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo de interposición dun recurso de reposición é de:

- a) Un mes se o acto fora expreso.
- b) Dous meses se o acto expreso.
- c) Se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.
- d) As opcións a) e c) son correctas.

5. De acordo cos artigos 40, 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) O órgano que dite as resolucións non ten obriga de notificalas aos interesados.
- b) Os actos administrativos serán obxecto de publicación unicamente cando o determine o órgano competente.
- c) As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido.
- d) As notificacións que se practiquen en papel non deben ser postas a disposición do interesado na sede electrónica da Administración u Organismo actuante.

6. De acordo co disposto nos artigos 26 e 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) As infraccións administrativas clasifícanse en leves e graves.
- b) Serán de aplicación as disposicións sancionadoras vixentes no momento de producirse os feitos que constitúan infracción administrativa.
- c) As disposicións sancionadoras sempre producen efecto retroactivo.
- d) As normas definidoras de infraccións e sancións son susceptibles de aplicación analóxica.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

7. De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) As Administracións teñen a obrigaón de indemnizar aos particulares de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos en todo caso.
- b) En todo caso, o dano alegado haberá de ser efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- c) O dano alegado só haberá de ser efectivo.
- d) Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes unicamente cando a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos.

8. A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu artigo 25 establece que son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) as consellerías, exclusivamente.
- b) a Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas, e as secretarías xerais.
- c) a Presidencia da Xunta de Galicia e a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas.
- d) a Presidencia da Xunta de Galicia, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas, e as secretarías xerais.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

9. As encomendas ou encargos que se realicen ás entidades instrumentais, con carácter xeral, de conformidade co establecido polo artigo 50 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) deberán adecuarse a un sistema de tarifas aprobado por unha comisión mixta paritaria.
- b) non están suxeitas ao pago de tarifa algunha.
- c) non están suxeitas á concesión de anticipos.
- d) ningunha resposta é correcta.

10. De conformidade co previsto no artigo 27 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os distintos órganos de dirección e as competencias e funcións dos órganos que deles dependen determínanse por:

- a) os decretos de estrutura.
- b) o presidente do Consello da Xunta.
- c) as relacións de postos de traballo.
- d) o conselleiro competente en materia de administración pública.

11. Conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, indica cales das seguintes non son entidades públicas instrumentais:

- a) Axencias públicas autonómicas.
- b) Consorcios autonómicos.
- c) Fundacións do sector privado autonómico.
- d) Sociedades mercantís públicas autonómicas.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

12. En aplicación do artigo 10 do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, cal das seguintes entidades, organismos ou axencias non está adscrita á Consellería do Medio Rural:

- a) O Fondo Galego de Garantía Agraria.
- b) Axencia Galega de Calidade Alimentaria.
- c) A entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- d) A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

13. O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural establece que as oficinas rurais dependerán funcionalmente da:

- a) Subdirección Xeral de Planificación da Extensión Agraria.
- b) Intervención Delegada.
- c) Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- d) Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

14. De conformidade co artigo 26 dos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), os administradores exercerán o seu cargo durante un período de:

- a) catro anos, e non poderán ser reelixidos.
- b) catro anos, e poderán ser reelixidos unha ou mais veces por períodos de igual duración.
- c) seis anos, e poderán ser reelixidos unha ou mais veces por períodos de igual duración.
- d) oito anos, e non poderán ser reelixidos.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

15. De conformidade co disposto polo artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme ás características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, considéranse contratos:

- a) de obras
- b) de servizos
- c) mixtos
- d) de subministro

16. O artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece, en relación coa prórroga dos contratos:

- a) O contrato só poderá prever a posibilidade dunha prórroga.
- b) A prórroga poderá producirse polo consentimento tácito das partes.
- c) A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
- d) A prórroga do contrato nunca será obrigatoria para o contratista.

17. De acordo co previsto polo artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de:

- a) 5 anos
- b) 15 anos
- c) 2 anos
- d) 10 anos



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

18. Segundo o establecido polo artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no perfil do contratante deberá publicarse a seguinte información:

- a) A memoria xustificativa do contrato.
- b) Os medios a través dos que, de ser o caso, se publicou o contrato e as ligazóns a esas publicacións.
- c) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o presuposto base de licitación e o importe de adjudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- d) Todas as respostas son correctas.

19. De acordo co artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, considéranse contratos menores:

- a) Os contratos de valor estimado inferior a 30.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.
- b) Os contratos de valor estimado inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 20.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.
- c) Os contratos de valor estimado inferior a 30.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 10.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.
- d) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

20. De acordo co establecido polo artigo 37 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente:

- a) En ningún caso.
- b) Salvo que o contrato teña carácter de emerxencia.
- c) Salvo que se trate de un contrato menor.
- d) Salvo que o contrato teña carácter de urxencia.

21. De conformidade co artigo 1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, esta lei será de aplicación a:

- a) Os traballadores que voluntariamente presten os seus servizos retribuídos por conta allea e dentro do ámbito de organización e dirección doutra persoa, física ou xurídica denominada empregador ou empresario.
- b) Os interinos dun ano.
- c) Os traballos realizados á título de amizade, benevolencia ou boa veciñanza.
- d) Os traballos familiares non asalariados.

22. De acordo co artigo 8 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

- a) O contrato de traballo só poderá celebrarse de palabra.
- b) O contrato de traballo só poderá celebrarse por fax.
- c) O contrato de traballo poderá celebrarse por escrito ou de palabra.
- d) O contrato de traballo só poderá celebrarse por correo electrónico.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

23. De acordo co artigo 26 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, considerarase salario:

- a) A totalidade das percepcións económicas dos traballadores, en diñeiro ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.
- b) Algunhas percepcións en especie.
- c) As indemnizacións.
- d) As prestacións da Seguridade Social.

24. De conformidade co artigo 34 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración máxima da xornada común de traballo será de:

- a) 5 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.
- b) 10 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.
- c) 40 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.
- d) 60 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.

25. De acordo co artigo 38 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o período de vacacións anuais retribuídas, non substituíble por compensación económica, será o pactado en convenio colectivo ou contrato individual. En ningún caso a duración será inferior a:

- a) 20 días naturais.
- b) 30 días naturais.
- c) 1 semana.
- d) 16 semanas.



26. De acordo co artigo 49 Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o contrato de traballo extinguirase:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Polas causas consignadas validamente no contrato, salvo que estas constitúan abuso de dereito manifesto por parte do empresario.
- c) Por expiración do tempo convindo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

27. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, considerarase relación laboral de carácter especial:

- a) A do servizo de fogar familiar.
- b) A dos penados nas institucións penitenciarias.
- c) A dos deportistas profesionais.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

28. Son elementos que se rexistrarán no balance de acordo co Plan Xeral de Contabilidade, Primeira parte, 4º Elementos das contas anuais:

- a) Só os activos e pasivos.
- b) Activos, pasivos, patrimonio neto, ingresos e gastos.
- c) Activos, pasivos e ingresos.
- d) Activos, pasivos e gastos.



29. Indica que documentos integran as contas anuais segundo o Plan Xeral de Contabilidade, Terceira parte, 1º Documentos que integran as contas anuais, se a empresa non pode utilizar os modelos de contas anuais abreviadas:

- a) O balance e a memoria.
- b) Só o balance.
- c) Só a conta de perdas e ganancias.
- d) O balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios de patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria.

30. Cal das seguintes afirmacións con respecto á Memoria é correcta de acordo co Plan Xeral de Contabilidade, Terceira parte, 10º Memoria?

- a) A memoria nunca pode ampliar a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.
- b) A información cuantitativa requirida na memoria deberá referirse só ao exercicio ao que corresponden as contas anuais.
- c) A memoria completa, amplía e comenta a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.
- d) A información cuantitativa requirida na memoria deberá referirse ao exercicio ao que corresponden as contas anuais, así como aos dous exercicios anteriores do que se ofrece información comparativa.

31. Formulación das contas anuais segundo o Plan Xeral de Contabilidade, Terceira parte, 2º Formulación de contas anuais. Sinala a resposta correcta:

- a) As contas anuais elaboraranse sempre cunha periodicidade de doce meses.
- b) As contas anuais elaboraranse cunha periodicidade de 9 meses.
- c) As contas anuais elaboraranse cunha periodicidade de doce meses, salvo nos casos de constitución, modificación da data de peche do exercicio social ou disolución.
- d) As contas anuais elaboraranse con periodicidade de 18 meses.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

32. De acordo co disposto no Plan Xeral Contable, Terceira parte, 6º Balance, os terreos ou construcións que a empresa destine á obtención de ingresos por arrendamento ou teña coa finalidade de obter plusvalías a través do seu alleamento, fóra do curso ordinario das súas operacións, incluíranse no epígrafe:

- a) A.II. Inmobilizado material.
- b) A.III. Inversións inmobiliarias.
- c) A.I Inmobilizado intanxible.
- d) B.II Existencias

33. De acordo co Plan Xeral Contable, Terceira Parte, 7º Conta de perdas e ganancias, indica a afirmación correcta.

- a) A conta de perdas e ganancias recolle o resultado do exercicio, formado polos ingresos e gastos do mesmo, así como a variación nas contas de activos e pasivos producida durante varios exercicios.
- b) Os ingresos e gastos clasifícanse de acordo coa súa natureza.
- c) O importe correspondente ás vendas, prestacións de servizos e outros ingresos de explotación reflectirase na conta de perdas e ganancias polo seu importe bruto.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.



34 De acordo co artigo 4.1) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), que se entende por datos persoais?:

- a) Toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable («o interesado»).
- b) Toda información sobre unha persoa física indeterminada ou xurídica identificada ou identificable («o interesado»).
- c) Toda información sobre unha persoa xurídica identificada ou identificable («o interesado»).
- d) Toda información sobre unha sociedade («o interesado»).

35. De acordo co artigo 4.11) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, ¿que se considera consentimento do «interesado»?:

- a) Todo acto presunto do interesado.
- b) Toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que o interesado acepta, xa sexa mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos persoais que lle conciernen.
- c) Todo acto expreso do responsable do tratamento.
- d) Todo acto involuntario do interesado.

36. No traballo con pantallas de visualización de datos:

- a) A pantalla estará situada a unha distancia óptima de 100 centímetros.
- b) A distancia á pantalla será inferior a 40 centímetros.
- c) A distancia á que traballemos coa pantalla non ten importancia.
- d) Empregaranse lentes de luz azul.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

37. En caso de sufrir un accidente leve no traballo:

- a) Comunicarase ao inmediato superior.
- b) Non é necesario a comunicación do accidente ao superior, porque non é grave.
- c) En caso de accidente leve non hai baixa.
- d) Non existen os accidentes leves.

38. Os partes de confirmación de baixa:

- a) Débense facer chegar ás oficinas de Seaga, no prazo de 24h, vía fax.
- b) A confirmación de baixa enténdese prorrogada en todos os casos, sen coñecemento do persoal facultativo.
- c) Os partes de confirmación de baixa serven como xustificante da ausencia ao traballo.
- d) Non existen partes de baixa.

39. Ao utilizar a fotocopiadora:

- a) Se podemos, e para evitar o consumo excesivo de enerxía, traballaremos coa tapa da zona de fotocopiadora aberta e as luces apagadas, de maneira que a propia luz da fotocopiadora nos sirva para iluminar o habitáculo.
- b) Non é necesario lavarse as mans despois de manipular cartuchos de tinta ou tóner, aínda que a pel entre en contacto con eses produtos.
- c) Ao manipular un cartucho de tóner, recoméndase que a pel non entre en contacto co po do tóner. Se o po do tóner entra en contacto coa pel debe lavarse con auga.
- d) Será imprescindible a presenza de dous compañeiros.



POSTOS: ADMINISTRATIVOS (ADM2) (1D + 3L)

Perfil: Ciclo Superior Rama Administración / Bacharelato ou equivalente

40. En relación coas normas ISO, que é unha Non conformidade?

- a) Un resultado medible.
- b) O incumprimento dun requisito.
- c) A acción para eliminar a causa dunha non conformidade.
- d) Unha acción recorrente para mellorar o desempeño.

PREGUNTAS DE RESERVA

41. De acordo co artigo 30 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, se o traballador non puidese prestar os seus servizos unha vez vixente o contrato porque o empresario se retrasase en darlle traballo por impedimentos imputables a el e non ao traballador:

- a) O traballador perderá o dereito a todo o seu salario.
- b) Esixiráselle ao traballador a realización de horas extras.
- c) O traballador conservará o dereito ao seu salario, sen que poida facérselle compensar o que perdeu co outro traballo realizado noutro tempo.
- d) O contrato será nulo.

42. De acordo cos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Son anulables os actos administrativos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- b) Son nulos de pleno dereito os actos administrativos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- c) As disposicións administrativas nunca poden ser nulas de pleno dereito.
- d) O defecto de forma sempre determina que o acto sexa nulo de pleno dereito.



43. En relación coas normas ISO, que é un indicador?

- a) A determinación do estado dun sistema, un proceso ou unha actividade.
- b) O proceso sistemático, independente e documentado para obter as evidencias de auditoría e avalíalas de maneiras obxectiva co fin de determinar o grao en que se cumpren os criterios de auditoría.
- c) Unha representación medible da condición ou estado das operacións, a xestión ou as condicións.
- d) Un sinal de tráfico.

44. Sinala a resposta correcta en relación coas entidades autonómicas reguladas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

- a) Contan con patrimonio e tesourería propios, pero en ningún caso gozan de autonomía de xestión.
- b) Gozan de autonomía de xestión, pero non teñen personalidade xurídica propia.
- c) Axustaranse ao principio de instrumentalidade respecto dos fins e obxectivos que lles asigne a respectiva norma de creación.
- d) A creación de novas entidades instrumentais do sector público autonómico poderá supoñer a duplicación dos servizos públicos que xa sexan prestados pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

45. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico:

- a) suxeitarán a súa actividade ao dereito administrativo salvo que exerzan potestades administrativas.
- b) actuarán exclusivamente baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia.
- c) non suxeitarán a súa actividade ao dereito administrativo en ningún caso.
- d) actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.